CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 267/1994, do 29 de xullo, polo que se aproba a relación de procedementos iniciados a solicitude dos interesados, dos que sexa competente para resolve-la Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nos que a falta de resolución expresa da Administración produce efectos desestimatorios ou estimatorios.

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, introduce importantes novidades, entre elas, en particular, unha nova concepción do réxime dos actos presuntos, polo que, en aplicación das previsións recollidas no seu artigo 43.5 e dentro do prazo sinalado na súa disposición adicional terceira, segundo a redacción dada a esta polo Real decreto-lei 14/1993, do 4 de agosto, se fai necesario determinar, respecto de cada procedemento, os prazos para resolver e os efectos desestimatorios ou estimatorios que a falta de resolución expresa produce.

Por 1so, e co obxecto de facilitarlles ós administrados un mellor coñecemento dos seus dereitos e de garantirlles unha maior seguridade xurídica, examinados os procedementos administrativos nos que intervén a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e de acordo coa disposición adicional terceira e co artigo 43.5 da devandita lei, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vintenove de xullo de mil novecentos noventa e catro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.— Apróbase a relación recollida no anexo I do presente decreto dos procedementos administrati-

vos de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos que a falta de resolución expresa por parte da Administración nos prazos expresamente previstos para cada un deles, produce efectos desestimatorios.

Artigo 2°.— Apróbase a relación recollida no anexo II do presente decreto dos procedementos administrativos de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos que a falta de resolución expresa por parte da Administración nos prazos expresamente previstos para cada un deles, produce efectos estimatorios.

Disposición derrogatoria

Á entrada en vigor do presente decreto, quedan derrogadas ou modificadas tódalas normas de calquera rango que se opoñan ó disposto nel, en virtude da habilitación ó Goberno para a adecuación normativa prevista na disposición adicional 3ª da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposicións derradeiras

Primeira — O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segunda — Facúltase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para dictar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do establecido no presente decreto.

Santiago de Compostela, vintenove de xullo de mil novecentos noventa e catro.

Manuel Fraga Iribarne Presidente

Juan Piñeiro Permuy Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

PROCEDEMENTOS NOS QUE A FALTA DE RESOLUCIÓN EXPRESA PRODUCE EFECTOS DESESTIMATORIOS

Procedemento	Normativa de aplicación	Prazos para resolver
Solicitudes de subvencións e de axudas económicas de toda indole, así como de bolsas de estudio e premios academicos.		
Dirección Xeral de Universidades e Investigación		
Axudas para a realización de proxectos de investigación	Orde de convocatoria	12 meses
Axudas para equipamento de infraestructura de investiga- ción e bibliotecaria	Orde de convocatoria	12 meses.
Bolsas para persoal auxiliar de investigación (Técnicos especialistas de FP-2)	Orde de convocatoria	12 meses
Bolsas para realizar estudios de doutoramento.	Orde de convocatoria	12 meses
Bolsas predoutorais.	Orde de convocatoria	12 meses
Bolsas para estadias no estranxeiro e en centros españois satuados fóra da Comunidade Autónoma	Orde de convocatoria	12 meses.

Procedemento	Normativa de aplicación	Prazos para resolver
Axudas para organización de congresos, simposios ou se- minarios a celebrar en Galicia	Orde de convocatoria	12 meses.
Axudas para asistencia a congresos, simposios, seminarios ou cursos monográficos.	Orde de convocatoria	12 meses.
Bolsas para actualización do profesorado respecto da ma- teria que imparten	Orde de convocatoria	12 meses.
Axudas para a formación de profesores en novas utulacións.	Orde de convocatoria	12 meses.
Axudas para o financiamento de estadías de profesores vi- sitantes.	Orde de convocatoria	12 meses.
Subvencións a publicacións periódicas	Orde de convocatoria	12 meses
Axudas para o establecemento de convenios de colabora- ción con institucións publicas e privadas sen fins de lucro para a realización de programas de investigación	Orde de convocatoria	12 meses.
Bolsas para realizar estudios relacionados coa Comunidade Europea no Colexio de Europa en Bruxes.	Orde de convocatoria	12 meses.
Axudas a asociacións de estudiantes de las universidades galegas.	Orde de convocatoria	4 meses.
Axudas a estudiantes das universidades galegas para a rea- ización de viaxes culturais de carácter pedagóxico.	Orde de convocatoria	4 meses.
Financiamento de viaxes para estadias nalgun estado mem- bro da CE co obxecto de coñece-la lingua dese pais	Orde de convocatoria	4 meses.
Premios sin de carreira da Comunidade Autónoma para alumnos universitarios	Orde de convocatoria	4 meses.
Axudas complementarias do programa de acción da Comunidade Europea de mobilidade de estudiantes.	Orde de convocatoria	4 meses.
Axudas complementarias das bolsas de carácter xeral de estudios universitarios convocadas polo Ministerio de Educación e Ciencia	Orde de convocatoria	4 meses.
Axudas de desprazamento para prácticas recoñecidas en plans de estudio de titulacións universitarias	Orde de convocatoria	4 meses.
Dirección Xeral de Política Linguistica		
Dotación de equipos para normalización linguistica	Orde de convocatoria	6 meses.
Subvencións a empresas privadas para accións de promo- ción da lingua galega	Orde de convocatoria	6 meses.
Subvencións a xornais e revistas por suplementos didácti- cos en galego.	Orde de convocatoria	6 meses.
Subvencións a editoriais para proxectos en galego.	Orde de convocatoria	6 meses.
Subvencións a familias e institucións sen fins de lucro para cursos de formación de lingua galega	Orde de convocatoria	6 meses.
Subvencións para actividades de promoción da lingua ga- lega	Orde de convocatoria	6 meses.
Subvencións para congresos, xornadas e simposios.	Orde de convocatoria	6 meses.
Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Centros Dirección Xeral de Universidades e Investigación		
Solicitudes de autorización para crear centros privados ou para a súa modificación	Segundo normativa específica	6 meses
Solicitudes de concertos educativos instados por centros pri- vados.	Segundo normativa específica	6 meses.

Procedemento	Normativa de aplicación	Prazos para resolver
Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Centros e Dirección Xeral de Ensinanzas Profesionais e de For- mación de Adultos.		
Sobcitudes de autorización de libros de texto e doutros ma- ternas curriculares para as ensinanzas de réxime xeral	Segundo normativa específica	3 meses.
Procedementos en materia de persoal	Segundo normativa específica	3 meses.
Concursos e procesos selectivos.	Segundo normativa específica	Segundo normativa específica.
Solicitudes de regulación académica ou adaptaciones de idade.	Segundo normativa específica.	3 meses.
Dirección Xeral de Política Linguistica Solicitudes de validación ou de exención en materia de galego.	Segundo normativa específica	2 meses.
Dirección Xeral de Política Linguística Solicitudes de expedición de títulos	Segundo normativa específica	3 meses.
Solicitudes de comisión de servicios e de actividades de formación	Segundo normativa especifica	2 meses.
Fundacións de interese galego Declaración de fundacións de interese galego En xeral tódolos procedementos a que se refire o art 43 3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xuridico das administracións publicas e do procedemento administrativo común	Lei 7/1983, do 22 de xuño (DOG 20-7-83), modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro (DOG do 12-11-1991), De- creto 248/1993, do 18 de xuño (DOG do 19-8-93) Segundo normativa específica	2 meses. 2 meses.

ANEXO II PROCEDEMENTOS NOS QUE A FALTA DE RESOLUCIÓN EXPRESA

Procede mento	Normativa de aplicación	Prazos para resolver
En xeral, tódolos procedementos a que se refire o art 43 2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.		

PRODUCE EFECTOS ESTIMATORIOS

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

Decreto 268/1994, do 29 de xullo, polo que se aproba a relación de procedementos iniciados a solicitude dos interesados, dos que sexa competente para resolve-la Consellería de Industria e Comercio e nos que a falta de resolución expresa da administración produce efectos desestimatorios ou estimatorios.

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, introduce importantes novidades, entre elas, en particular, unha nova concepción do réxime dos actos presuntos, polo que, en aplicación das previsións recollidas no seu artigo 43.5 e dentro do prazo sinalado na súa disposición adicional terceira, segundo a redacción dada a esta polo Real decreto-lei 14/1993, do 4 de agosto, se fai necesario determinar,

respecto de cada procedemento, os prazos para resolver e os efectos desestimatorios ou estimatorios que a falta de resolución expresa produce.

Por 1so, e co obxecto de facilitarlles ós administrados un mellor coñecemento dos seus dereitos e de garantirlles unha maior seguridade xurídica, examinados os procedementos administrativos nos que intervén a Consellería de Industria e Comercio e de acordo coa disposición adicional terceira e co artigo 43.5 da devandita lei, por proposta do conselleiro de Industria e Comercio e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vintenove de xullo de mil novecentos noventa e catro,

DISPOÑO.

Artigo 1º.— Apróbase a relación recollida no anexo I do presente decreto dos procedementos administrati-